

Instrucións para o profesorado

Que é CALENDARTE?

É o primeiro reto do noso PDI ARTISTADAS, no que todo o alumnado do centro se converterá en artista para crear un calendario colectivo cheo de arte, cor e creatividade.

Cada nivel elaborará un calendario propio, inspirado na súa temática (pintura, pintores, arte galega, cine, artistas, etc.).

Estrutura do calendario

Cada calendario terá:

- 12 páxinas, unha por cada mes do ano (de xaneiro a decembro de 2026).
- 1 portada, que inclúa o título, o nome do nivel e elementos artísticos identificativos da vosa temática.

O formato de traballo será en papel A3, tanto para a portada como para as páxinas mensuais.

Reparto dos meses

Cada nivel ou ciclo repartirase as páxinas que elaborará cada aula. O profesorado especialista pode colaborar facendo un calendario propio da súa especialidade ou participando nunha das páxinas de cada nivel ou do seu nivel.

Que debe incluír cada mes?

Cada páxina mensual deberá conter:

- nome do mes.
- Un debuxo ou composición artística relacionada coa temática do nivel (exemplo: un pintor, unha obra, un estilo, un motivo relacionado co cine...).
- Un espazo para a grella do mes, que o profesorado pode imprimir ou elaborar co alumnado.

- OPCIONAL: As efemérides culturais ou artísticas, marcadas cos días correspondentes (por exemplo: Día das Artes Galegas, Día da Paz, Día do Libro...).
 - O nome da aula que elaborou esa páxina. Exemplo: “Creado polo alumando de 1ºE”.
-

Entrega final

- As 12 páxinas mensuais + portada en formato A3 á persoa representante da biblioteca do seu nivel.
- A data de entrega será o 12 de decembro.
- Unha vez recollidos, levaranse a imprimir para telos dispoñibles á volta de NADAL.

A cada aula entregáraselle un calendario completo. Decidide en nivel se preferides recibir o calendario que elaborou o voso propio nivel ou se preferides recibir un calendario ao chou elaborado polo alumnado doutro nivel.

Obxectivo final

Dar forma a un calendario que represente a mirada artística de cada nivel, combinando arte, tempo e emocións. Será o primeiro paso da nosa aventura creativa ARTISTADAS.

- Achégase un modelo da estrutura que debemos seguir no A3, mais lembade que con esta actividade queremos desenvolver a creatividade do alumnado, así pois, sentídevos libres para poder crear o que máis vos guste.
- Achégase carta de LEO/MARIÑA para dar a coñecer a actividade entre o alumnado.